

ESTUDIO ECONÓMICO PARA A


DETERMINACIÓN DO PREZO

OBXECTIVO DO SERVIZO DE

COMEDORES ESCOLARES DO

CONCELLO DE SANTIAGO

-CURSO 2019-2020-



CONCELLO DE

SANTIAGO

Solicitado por:

Concello de Santiago

Resumo executivo

O presente informe económico detalla os custes do servizo de comedores escolares dos CEIPS de Santiago e determina un prezo de referencia.

Fecha de elaboración del informe: 23 de maio de 2019

ÍNDICE

	1	
1.- OBXECTO DO INFORME		1
	2	
2.- ALCANCE DA CONTRATACIÓN		1
	3	
3.- LIMITACIÓNS AO ALCANCE		2
	4	
4.- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO		2
4.1.- Características xerais		2
4.2.- Horario		3
4.3.- Número de servizos		3
	5	
5.- PERSOAL DO SERVIZO		4
5.1.- Convenio aplicable		4
5.2.- Subrogación		5
5.3.- Relación de persoal		5
5.4.- Consideracións para o cálculo de custe de persoal		6
5.4.1.- Categorias profesionais		6
5.4.2.- Tipos de contrato		7
5.4.3.- Táboas salariais		7
5.4.4.- Vacacións		7
5.4.5.- Ratios monitor alumno		7
5.4.6.- Horarios de traballo		8
5.4.7.- Xornada de traballo		8
5.4.8.- Outras consideracións		8
5.5.- Custe de persoal por hora de traballo semanal		9
	6	
6.- VALORACIÓN COS DISTINTOS SUPOSTOS		9
6.1.- Custes de persoal		9
6.2.- Adquisición da materia prima, transporte dos menús e enxoval		10
6.3.- Outros custes e custes de estrutura		10
6.4.- Beneficio industrial		11
6.5.- Economías de escala		11
	7	
7.- DETERMINACIÓN DO PREZO DE REFERENCIA		14
	8	
8.- COMPARATIVA DO PREZO DO SERVIZO CO MERCADO		15
ANEXO.- Referencias legais. 17		

1.- OBXECTO DO INFORME

O obxecto do contrato é a elaboración dun estudo económico completo para a licitación da xestión do servizo de Comedores Escolares (Catering) para os nove CEIPS do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2019/2020 a fin de determinar os cálculos e prezo final de contratación.

A relación de colexios facilitada a **Pilot_{CCS}** é a seguinte:

1. CEIP Apóstolo Santiago.
2. CEIP Cardeal Quiroga Palacios.
3. CEIP Fontiñas.
4. CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
5. CEIP Monte dos Postes.
6. CEIP Raíña Fabiola.
7. CEIP Ramón Cabanillas.
8. CEIP Roxos – Villestro.
9. CEIP Vite.

Deséxase facer referencia que o obxecto deste estudo económico é a determinación dos custes e prezo de referencia (expresarase nun rango) dun catering típico de colectividade, que confecciona e serve comida e almorzos para colectivos concretos dos CEIP.

Débase indicar que este tipo de servizos, aínda que son industriais, levan na súa valoración elementos de personalización propios de cada compañía que escapan do alcance de calquera informe que abordemos por resultar simplemente imposible a súa valoración.

2.- ALCANCE DA CONTRATACIÓN

Coa finalidade de facer unha valoración do servizo obxecto deste informe é preciso delimitar o alcance do mesmo.

O alcance do obxecto da contratación é a execución da prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar, consistente en:

1. Elaboración de **xantares**, o seu servizo e a vixilancia e atención ao alumnado con persoal monitor/coidador do alumnado
2. Elaboración de **almorzos**, o seu servizo e a vixilancia e atención ao alumnado con persoal monitor/coidador do alumnado.

Aos efectos do contrato, por **elaboración** entenderase non só a confección dos mesmos nas instalacións de cociña da empresa adxudicataria senón tamén:

- O transporte dos menús elaborados ata o comedor dos centros escolares.
- A distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar, o seu reparto entre os comensais e, finalmente, a recollida e limpeza do material empregado.
- No caso dos almorzos, ademais, a elaboración diaria (de luns a venres) farase nas instalacións de cociña ou comedor de cada centro educativo, se fose o caso

Aos efectos do contrato, por **vixilancia** entenderase non só a confección dos mesmos nas instalacións de cociña da empresa adxudicataria senón tamén:

- Xantares: A vixilancia do alumnado (asistencia e coidado durante a utilización do servizo de comedor así como nos períodos anterior e posterior a utilización do mesmo).
- Almorzos: A vixilancia do alumnado (asistencia e coidado durante a utilización do servizo de comedor para os almorzos, dende a chegada do alumnado usuario deste servizo, ao centro as 07:30 ata o comezo das clases da xornada de mañá, atendendo ao horario de cada centro escolar).

Inclúense tamén as necesidades administrativas para a prestación do servizo.

3.- LIMITACIÓNS AO ALCANCE

O presente estudo económico realizouse empregando como soporte documental o prego de prescricións técnicas que rexeu a contratación para a prestación do servizo de catering e do persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela 2019-2020.

Como xa se comentou anteriormente **Pilot_{ccs}** tivo acceso a

1. Datos referentes á media de almorzos e xantares (datos agregados) entre os meses de setembro a marzo do curso actual así como ao reparto entre os distintos días da semana e a distribución entre o servizo de almorzos e xantares por centro correspondentes o período de setembro a abril de 2017. Non dispoñemos de información actualizada.
2. Ás horas de atención nos centros e as horas de contratación por traballador (listado da empresa).

O presente estudo é meramente económico non entrando a valorar nin a calidade esixida, nin ítems como os cocientes de monitor/alumnos. Os cales, polo motivo xa aludido de falta de información adicional non son obxecto de análise do presente informe económico

Polo tanto, no referente á calidade, non son obxecto deste informe avaliar as características dos menús: estrutura, frecuencias, orixe dos produtos nin tampouco a composición alimenticia dos mesmos. Para un estudo exhaustivo do servizo requírese mesmo un software profesional que elabore un menú “planning”. Como indicamos, isto escapa ao alcance do presente informe.

Para a valoración económica do persoal considérase un escenario coa valoración da man de obra pola subrogación total do persoal achegado.

Dato relevante: este informe e exclusivamente económico

4.- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO

4.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS

As principais características do servizo con impacto económico son:

1. Para os Xantares: Catering transportado dende unha cociña central (menor custo que un servizo con cociña “*in situ*” con cociña propia por non ser necesario persoal de cociña: xefe de cociña, cociñeiros etc.).
2. Colocación/Preparación das mesas.

3. Servizo en mesa emplatado (son necesarios maiores recursos). Servizo asistido ata o comensal.
4. Atención ao alumno. Maior custo laboral pola ampliación da franxa horaria.
5. Menú único para todos os usuarios fóra dos que teñan intolerancias ou alerxias alimentarias.
6. Preparación e limpeza (de ser o caso) en horario adicional ao fixado para a atención ao alumnado.
7. A empresa adxudicataria facturará ás familias o número de cubertos que efectivamente se consuman, e entenderase por menús consumidos os comprendidos na matrícula formalizada pola familia. Esta haberá de avisar non mais tarde das 20:00 horas do día lectivo inmediato anterior.
8. A empresa adxudicataria ofrecerá menús alternativos para aqueles comensais que o necesiten por prescripción médica.

4.2.- HORARIO.

Non dispoñemos do horario do servizo.

4.3.- NÚMERO DE SERVICIOS.

Para a elaboración deste informe económico, **Pilot_{CCS}** contempla, a efectos de cálculo, o calendario escolar publicado en cursos anteriores pola Consellería de Educación no DOG e por iso considera que:

- a. Período de prestación do servizo se axustará ao citado calendario (a modo de referencia, no curso 16/17: 12 de setembro ao 23 de xuño).
- b. Número de días lectivos nos que se deberá prestar servizo é 176.
- c. Concello facilitou a **Pilot_{CCS}** datos dos servizos de almozos e xantares e usuarios dos meses de setembro a abril.

En termos cuantitativos, ao longo do curso escolar 16/17 serviríanse aproximadamente 146.998 xantares (datos proxectados) e 40.794 almozos (datos proxectados).

A continuación, a modo informativo, presentamos a análise feita partir dos datos facilitados:

SERVIZO	DATOS MES FACILITADOS POLO CONCELLO										DATOS MES CALCULADOS E BASE A MEDIAS DÍA		
	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAL SEP- ABR	TOTAL CURSO	
CEIP APOSTOLO SANTIAGO	ALMORZOS	18	59	20	16	23	24	52	22	36	29	234	298
	MEDIA ALM. DÍA	1,20	3,11	0,95	1,33	1,35	1,33	2,36	1,57	1,70	1,70	1,70	1,70
	XANTARES	341	635	993	548	715	758	950	617	846	685	5.557	7.087
CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	MEDIA XANT. DÍA	22,73	33,42	47,29	45,67	42,06	42,11	43,18	44,07	40,27	40,27	40,27	40,27
	ALMORZOS	81	179	232	131	192	225	264	134	219	177	1.438	1.834
	MEDIA ALM. DÍA	5,40	9,42	11,05	10,92	11,29	12,50	12,00	9,57	10,42	10,42	10,42	10,42
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	XANTARES	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	MEDIA XANT. DÍA	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
	ALMORZOS	499	808	935	594	699	808	964	656	907	735	5.963	7.605
CEIP FONTEAÍNAS	MEDIA ALM. DÍA	33,27	42,53	44,52	49,50	41,12	44,89	43,82	46,86	43,21	43,21	43,21	43,21
	XANTARES	1.786	2.805	3.235	1.927	2.530	2.694	3.224	2.013	3.076	2.490	20.214	25.780
	MEDIA XANT. DÍA	119	148	154	161	149	150	147	144	146	146	146	146
CEIP MONTE DOS POSTES	ALMORZOS	543	722	764	437	555	611	825	536	760	615	4.993	6.368
	MEDIA ALM. DÍA	36,20	38,00	36,38	36,42	32,65	33,94	37,50	38,29	36,18	36,18	36,18	36,18
	XANTARES	1.700	2.060	4.723	1.656	2.130	2.290	2.816	1.840	2.924	2.367	19.215	24.506
CEIP RAÍÑA FABIOLA	MEDIA XANT. DÍA	113,33	108,42	224,90	138,00	125,29	127,22	128,00	131,43	139,24	139,24	139,24	139,24
	ALMORZOS	566	876	980	605	723	794	923	629	928	751	6.096	7.775
	MEDIA ALM. DÍA	37,73	46,11	46,67	50,42	42,53	44,11	41,95	44,93	44,17	44,17	44,17	44,17
CEIP RAMÓN CABANILLAS	XANTARES	1.862	2.670	5.177	1.927	2.484	2.527	3.006	1.907	3.281	2.656	21.560	27.497
	MEDIA XANT. DÍA	124,13	140,53	246,52	160,58	146,12	140,39	136,64	136,21	156,23	156,23	156,23	156,23
	ALMORZOS	80	188	221	130	162	173	218	137	199	161	1.309	1.669
CEIP MESTRE RODRIGUEZ XIXIREI	MEDIA ALM. DÍA	5,33	9,89	10,52	10,83	9,53	9,61	9,91	9,79	9,49	9,49	9,49	9,49
	XANTARES	542	865	1.339	631	826	962	1.166	763	1.080	874	7.094	9.047
	MEDIA XANT. DÍA	36,13	45,53	63,76	52,58	48,59	53,44	53,00	54,50	51,41	51,41	51,41	51,41
CEIP ROXOS VILLESTRO	ALMORZOS	515	837	812	496	654	747	953	608	856	693	5.622	7.170
	MEDIA ALM. DÍA	34,33	44,05	38,67	41,33	38,47	41,50	43,32	43,43	40,74	40,74	40,74	40,74
	XANTARES	1.653	2.573	3.218	1.902	2.460	2.641	3.246	2.064	3.007	2.434	19.757	25.197
CEIP VITE	MEDIA XANT. DÍA	110,20	135,42	153,24	158,50	144,71	146,72	147,55	147,43	143,17	143,17	143,17	143,17
	ALMORZOS	74	156	152	94	125	137	172	93	153	124	1.003	1.279
	MEDIA ALM. DÍA	4,93	8,21	7,24	7,83	7,35	7,61	7,82	6,64	7,27	7,27	7,27	7,27
CEIP VITE	XANTARES	396	689	815	435	574	627	773	488	730	591	4.797	6.118
	MEDIA XANT. DÍA	26,40	36,26	38,81	36,25	33,76	34,83	35,14	34,49	34,76	34,76	34,76	34,76
	ALMORZOS	308	433	489	274	383	459	560	365	498	403	3.271	4.172
CEIP VITE	MEDIA ALM. DÍA	20,53	22,79	23,29	22,83	22,53	25,50	25,45	26,07	23,70	23,70	23,70	23,70
	XANTARES	969	1.459	1.766	950	1.311	1.350	1.596	1.094	1.597	1.293	10.495	13.385
	MEDIA XANT. DÍA	64,60	76,79	84,10	79,17	77,12	75,00	72,55	78,14	76,05	76,05	76,05	76,05
TOTAL	ALMORZOS	168	273	308	177	258	290	355	228	313	253	2.057	2.623
	MEDIA ALM. DÍA	11,20	14,37	14,67	14,75	15,18	16,11	16,14	16,29	14,91	14,91	14,91	14,91
	XANTARES	583	851	1.069	630	862	871	1.032	673	1.000	809	6.571	8.380
TOTAL	MEDIA XANT. DÍA	38,87	44,79	50,90	52,50	50,71	48,39	46,91	48,07	47,62	47,62	47,62	47,62
	ALMORZOS	2.852	4.531	4.913	2.954	3.774	4.268	5.286	3.408	4.867	3.940	31.986	40.794
TOTAL	XANTARES	9.832	14.607	22.335	10.606	13.892	14.720	17.809	11.459	17.540	14.199	115.260	146.998
	DÍAS LECTIVOS (DE SERVICIO)	15	19	21	12	17	18	22	14	21	17	138	176

Polo tanto baseándose nos datos do primeiro trimestre (servizos prestados e días lectivos) de 2017 a media diaria deste período (primeiro trimestre 2017) que se servirán: 231,78 almozos e 835,22 xantares.

SERVIZO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAL
MEDIA	190,13	238,47	233,95	246,17	222,00	237,11	240,27	243,43	231,78	231,78	231,78
	655,47	768,79	1063,57	883,83	817,18	817,78	809,50	818,50	835,22	835,22	835,22

5.- PERSOAL DO SERVIZO

5.1.- CONVENIO APLICABLE

Segundo os datos que nos aporta o Concello de Santiago a concesionaria actual ten aos traballadores contratados segundo o Convenio colectivo do sector ocio educativo e animación sociocultural (Código Convenio: 99100055012011) que foi subscrito con data 21 de maio de 2015. Resolución do 3 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Emprego. **O convenio atópase en negociación.**

Artigo 1. Ámbito territorial do convenio: todo o territorio do Estado Español.

Artigo 2. *Ámbito funcional. “O presente convenio regula as relacións laborais nas empresas e/ou entidades, privadas, dedicadas á prestación de servizos de lecer educativo e animación sociocultural, dirixidas á infancia e mocidade, persoas adultas e persoas maiores. As prestacións de servizos reguladas neste convenio consisten en actividades complementarias á educación formal co obxectivo de desenvolver hábitos e habilidades sociais como forma de educar integralmente á persoa, cuxa actividade principal comprenda algunha das seguintes actividades:*

- a) *Actividades de educación no lecer, actividades de educación non formal, de garda e custodia en período de transporte escolar, **actividades educativas no comedor escolar**, de patio, extraescolares e aulas matinais, reforzo escolar, campamentos urbanos,...*”

Artigo 3. *Ámbito temporal. “O presente convenio entra en vigor desde a data da súa publicación no «BOE». O período de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2016, data na cal, se non foi denunciado, entenderase que se prorroga ano por ano, e, se foi obxecto de denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación ao vencemento, iniciaranse as negociacións do seguinte. A totalidade do articulado do convenio continuará vixente desde a denuncia do presente convenio ata a firma do próximo.”*

5.2.- SUBROGACIÓN.

Adicionalmente á regulación da subrogación empresarial páctase no nomeado convenio con independencia da aplicación do artigo 44 do Estatuto dos Traballadores aos supostos contemplados expresamente no mesmo.

Así o artigo Dereito de subrogación establece: *“Con obxecto de favorecer a estabilidade no emprego, incluído no ámbito deste Convenio, afectado pola dinámica de substitución de adxudicatarios nos contratos, establécese o presente artigo, en virtude do cal a adxudicación dun contrato a unha entidade ou empresa para a xestión dun centro, servizo ou programa que viña sendo xestionado anteriormente por outra entidade, supoñerá o mantemento do emprego a través da subrogación e das novas contratacións, nos termos que se desenvolven neste artigo. A subrogación por cambio de titularidade no contrato de prestación de servizos suscrito entre as empresas afectadas polo presente convenio e os seus clientes será aplicable a todos os traballadores e traballadoras fixos/as. Quedan expresamente excluídos todos os traballadores e traballadoras con contratación de modalidade de obra ou servizo determinado.*

A administración pública ou entidade contratante que pretenda adxudicar a xestión dun centro, servizo ou programa mediante concurso público ou calquera outro medio de adxudicación, deberá reflectir no correspondente prego de condicións ou documento que recolla as bases para a adxudicación do contrato, a existencia da subrogación prevista neste artigo e a listaxe de traballadores afectados, incluíndo as condicións económicas e laborais dos mesmos e excluíndo os datos persoais de acordo coa LOPD.....”

5.3.- RELACIÓN DE PERSOAL.

Achégase táboa co persoal relacionado no listado aportado pola concesionaria ao Concello de Santiago de Compostela (ver páxina seguinte).

Número	F. Antigüedad	Id.	identificación de contratos	Hseman	Categoría profesional	Convenio	Centro
1	10/09/2015	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	APOSTOL SANTIAGO
2	13/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	APOSTOL SANTIAGO
3	16/01/2019	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	APOSTOL SANTIAGO
4	27/02/2013	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
5	02/10/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
6	14/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	22,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
7	04/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	22,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
8	13/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
9	12/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
10	25/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
11	23/04/2019	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
12	19/11/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP MONTE DOS POSTES
13	12/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	32,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
14	14/09/2012	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
15	01/12/2016	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
16	23/04/2019	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
17	12/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
18	22/09/2015	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
19	13/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
20	19/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
21	26/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
22	26/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
23	01/10/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
24	08/01/2019	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP RAMON CABANILLAS
25	18/10/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	17,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
26	13/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
27	24/09/2015	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	12,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
28	15/09/2015	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
29	19/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	12,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
30	03/10/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	10,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
31	25/04/2019	510	Duración det.interinidad T. Parcial	12,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP ROXOS VILLESTRO
32	11/09/2013	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP VITE
33	08/01/2019	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP VITE
34	13/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	12,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP VITE
35	24/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	12,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	CEIP VITE
36	13/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	COLEGIO REINA FABIOLA
37	09/09/2015	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	COLEGIO REINA FABIOLA
38	12/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	COLEGIO REINA FABIOLA
39	26/04/2019	510	Duración det.interinidad T. Parcial	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	COLEGIO REINA FABIOLA
40	23/11/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
41	14/09/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	30,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
42	23/11/2012	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	25,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
43	19/09/2013	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	25,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
44	01/10/2013	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	21,25	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
45	28/09/2016	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
46	14/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
47	24/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
48	26/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	15,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	FONTIÑAS
49	25/09/2013	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	18,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
50	10/09/2015	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
51	10/09/2015	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
52	12/09/2018	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	22,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
53	12/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	27,50	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
54	12/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	27,50	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
55	29/04/2019	510	Duración det.interinidad T. Parcial	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
56	01/10/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
57	17/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
58	26/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
59	26/09/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	13,75	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	QUIROGA PALACIOS
60	14/09/2012	300	Indefinido ordinario Fijo- Discont.	20,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	RODRIGUEZ XIXAREI
61	09/09/2014	389	Transformación en indef.Fijo.Disc.No incentivada	35,00	COORDINADOR/A MONITOR	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	RODRIGUEZ XIXAREI
62	10/10/2018	501	Duración det.obra y servicio T. Parcial	12,00	MONITOR/A	OCIO EDUC.Y ANIM.SOC	RODRIGUEZ XIXAREI

5.4.- CONSIDERACIONES PARA O CÁLCULO DE CUSTE DE PERSOAL.

5.4.1.- CATEGORÍAS PROFESIONAIS.

O convenio, no CAPÍTULO 4 Clasificación profesional, e concretamente no Artigo 19. Clasificación do persoal establece “O persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio colectivo quedará integrado dentro dalgún dos grupos profesionais e coa asignación a un posto de traballo”.

Neste caso, para o servizo estaríamos a falar do GRUPO V (Persoal de atención directa no ocio e tempo libre educativo); Coordinador de actividades e Monitor de Ocio e Tempo Libre.

5.4.2.- TIPOS DE CONTRATO.

Segundo o especificado no prego de prescrición técnicas facilitado polo concello de Santiago para o curso 2016-17 tódolos traballadores están contratados mediante un contrato laboral modelo 389, 501 ou 510

389	Indefinido	Fixo/descontínuo	Transformación contrato temporal
501	Duración determinada	Tempo parcial	Obra o servizo determinado

Ditas modalidades recóllense no convenio colectivo no CAPÍTULO 5. Contratación, período de proba, vacantes e cesamento de persoal.

5.4.3.- TÁBOAS SALARIAIS.

Para as Táboas Salariais aplicadas para o cálculo dos custes salariais aplicadas por **Pilot_{CCS}** remitímonos o convenio colectivo.

5.4.4.- VACACIÓNS.

O convenio establece no Artigo 52. Vacacións. *“Todos os traballadores e traballadoras afectados por este convenio han de gozar, por cada ano completo de servizo activo, unhas vacacións retribuídas de 30 días naturais....”*.

Sobre as Vacacións. Para o cálculo dos días aos que os traballadores teñen dereito tivemos en conta o calendario do curso actual: inicio da actividade o 12 de setembro de 2017 e finalización o 23 de xuño de 2018 . Polo tanto os traballadores prestarían servizo os seguintes meses naturais:

Meses	Mensualidades
Setembro	0,60
Outubro a Maio	8
Xuño	0,76
Total	9,36

En consecuencia, os días de vacacións xerados neste período é de 23,4 (aprox. 24). Dato obtido de multiplicar 9,36 x 2,5 días /mes traballado.

Por todo o exposto, os períodos de inactividade establecidos no calendario escolar permiten gozar dos días de vacacións ao longo do mesmo e por tanto non se contempla no noso estudo económico a substitución de vacacións.

5.4.5.- RATIOS MONITOR ALUMNO.

Na cláusula VII Persoal para a prestación do servizo do prego de condicións para o curso 16/17, concretamente no seu apartado 7.9 establece: “A empresa disporá de persoal traballador de atención ao alumnado no servizo de comedor en función do total do alumnado comensal de acordo á seguinte proporción e condicións:

- O alumnado con necesidades especiais computará coma dous usuarios.
- A ratio monitor/alumnado será de 1/18 para o alumnado de primaria e 1/15 para o de infantil.

- Incorporarase un novo monitor cando a ratio se vexa incrementada nunha unidades completa, isto é: cando supere 1/19 para o alumnado de primaria ou 1/16 para o de infantil.

5.4.6.- HORARIOS DE TRABALLO

Limitámonos ao recollido no apartado 4.2 do presente informe, para o cálculo das horas do contrato.

Recoméndase ao Concello de Santiago de Compostela, no vindeiro curso 17/18 unha análise mais pormenorizada destas tarefas e tempos. Sendo posible, no curso 18/19, facerse un máis que probable axuste na man de obra.

5.4.7.- XORNADA DE TRABALLO

O Convenio no CAPÍTULO 7 Xornada, horarios, horas extraordinarias e vacacións establece no Artigo 48. Xornada de traballo. Para o ano 2014 e seguintes a xornada de traballo en cómputo anual será de 1742 horas de tempo máximo de traballo efectivo, de dedicación, distribuídas en xornadas semanais de 38 horas e 30 minutos de tempo máximo de traballo efectivo.

Enténdese por dedicación toda aquela efectuada dentro da xornada de traballo que estea relacionada coa actividade propia, tempo de preparación, avaliacións, programación, relación directa cos usuarios e usuarias e outras tarefas de natureza análoga.

5.4.8.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Ademais do antedito, no referente ao custe de persoal, tívose en conta a efectos de valoración económica:

- A substitución de baixas ao 100%.
- O persoal debe ter a formación legal en manipulación de alimentos e as cociñas centrais cumprir co disposto no Real Decreto 191/2011 de 18 de febreiro relativo ao Rexistro Xeral Sanitario de empresas Alimentarias. Non se contempla impacto económico, pero si pode telo, aínda que escaso, polos cursos de formación. Ao ser difícil a valoración do custo para a empresa, pois pode empregar a operarios co curso de manipulador de alimentos, non se aplica este potencial custo ao noso estudo.
- O concesionario debe designar un coordinador xeral que non se contabiliza a efectos de cociente. Mesma aplicación que no punto anterior.
- En cada comedor escolar debe haber un responsable que entendemos que exerce tamén funcións de monitor. **Tendo en conta que, como non se detallan pluses, xa que en todos os centros hai un traballador con categoría de coordinador, non se contemplan pluses “ad personam”.**
- O persoal de atención ao alumnado é: monitores/coiadores, coordinadores e un deles auxiliar de colectividade. Estas son as categorías que se contemplaron.
- O concesionario debe contar cun especialista en dietética e nutrición titulado. Este custe terá a consideración de xeral e non man de obra directa. Non se detalla no escandallo.
- As porcentaxes de seguridade social aplicados nos escandallos son:

Cont. Com.	Desemprego	Fogasa	Form. Prof.	IT	IMS
23,60%	5,50%	0,20%	0,60%	0,75%	0,50%

5.5.- CUSTE DE PERSOAL POR HORA DE TRABALLO SEMANAL.

No sector educativo estamos afeitos a referenciar os custes de man de obra a horas semanais xa que en diversos convenios é un xeito de determinar a xornada dos traballadores.

Nótese que **non se está a ter en conta nin custes de estrutura nin beneficio industrial**

A actual prestataria descontados os traballadores en excedencia voluntaria emprega (segundo os seus datos) 1.237,00 horas semanais, isto é 32,130 xornadas completas equivalentes.

Aínda así a modo de referencia o custe ano medio de tódolos centros:

MEDIA custe M.O.M ano/ horas de traballo semanais	376,26
--	---------------

O dato sae de dividir o custo da man de obra anual entre as semanas de prestación de servizo e o dato resultante entre as xornadas completas equivalentes (32,13)

Por exemplo un monitor de 20 horas semanais de contrato viría a custar de media ano 7.525,2 € (20 x 376,26 €)

6.- VALORACIÓN

6.1.- CUSTES DE PERSOAL.

A partir da listaxe de traballadores e as xornadas de traballo especificadas nos apartado 5.3 e 5.4.6 do presente informe. O custo da MOD (Man de Obra Directa) por CEIP e (Ver escandallos):

	TOTAL MOD
APÓSTOLO SANTIAGO	25.675,79 €
MONTE DOS POSTES	73.032,33 €
RAMÓN CABANILLAS	96.108,07 €
ROXOS VILLESTRO	47.924,98 €
FONTIÑAS	71.999,13 €
VITE	31.041,33 €
RAIÑA FABIOLA	36.396,59 €
QUIROGA PALACIOS	81.517,07 €
RODRÍGUEZ XIXAREI	27.981,60 €
	491.676,90 €

A diferenza doutras licitacións a actual adxudicataria non achega datos sobre o custo dun coordinador xeral todo o exposto, o custo do **coordinador xeral, cunha xornada completa**, elevase a **21.655,22 €/ano**¹ que é un 2,75% sobre a MOD (ver escandallos).

¹ A actual prestataría non reflexa na documentación que achega ningunha persoa con esta categoría, pero como veremos, debemos contemplar uns custos de supervisión, e a valoración deste custo permítenos definir o número de horas que se valoran para supervisión.

6.2.- ADQUISICIÓN DA MATERIA PRIMA, TRANSPORTE DOS MENÚS E ENXOVAL.

Igualmente, a concesionaria ten a obriga de dotar ao servizo de todo ou enxoval completo necesario para prestar o servizo e lavallo polos seus propios medios e baixo a súa responsabilidade exclusiva.

Cando o centro pon a disposición da empresa a cociña, forno ou calquera electrodoméstico ou utensilio, será por conta da empresa contratada a conservación, reparación e, se é o caso reposición dos bens postos a disposición da empresa polo centro.

No caso de que os comedores escolares se utilicen aparellos electrodomésticos, propiedade do centro educativo ou aportados pola empresa adxudicataria para un mellor servizo ou para unha axeitada conservación dos alimentos, será o Concello de Santiago de Compostela quen se faga cargo do consumo enerxético dos mesmos.

Con impacto máis reducido, pero que igualmente deben ser obxecto de valoración, temos entón os seguintes custes: a uniformidade, a adquisición e reposición do enxoval de cociña, vaixela, carros, material auxiliar e, de ser o caso, úteis de limpeza. Inclúese igualmente o material gráfico.

Para a póliza de seguro contemplouse un 0,20% dos custes sobre o prezo de venda estimado como prezo de referencia obxectivo.

En comunicacións contéplase que o coordinador Xeral e os coordinadores de centros deben ter un teléfono móbil cada un. Para iso computouse un custo global de telecomunicacións de 2.700 €/ano.

A adquisición da materia prima e o transporte de menús, é por conta da concesionaria. O custo da materia primas, mantemento e inversión, seguros e comunicación (telefonía) por centro é o seguinte:

	MAT PRIMA	MANT E INV.	POL. SEG.	COMUNIC
APÓSTOLO SANTIAGO	13.151,15 €	1.540,55 €	97,20 €	300,00 €
MONTE DOS POSTES	53.478,51 €	4.381,94 €	291,60 €	300,00 €
RAMÓN CABANILLAS	49.023,20 €	5.766,48 €	388,80 €	300,00 €
ROXOS VILLESTRO	26.175,97 €	1.678,90 €	97,20 €	300,00 €
FONTIÑAS	47.453,68 €	4.319,95 €	291,60 €	300,00 €
VITE	16.393,24 €	1.862,48 €	129,60 €	300,00 €
RAIÑA FABIOLA	17.266,62 €	2.183,80 €	129,60 €	300,00 €
QUIROGA PALACIOS	50.256,97 €	4.891,02 €	356,40 €	300,00 €
RODRÍGUEZ XIXAREI	11.731,54 €	1.678,90 €	97,20 €	300,00 €
	284.930,87 €	28.304,01 €	1.879,20 €	2.700,00 €

En total estas partidas ten un custo agregado de **317.817,08 €/ano**.

6.3.- OUTROS CUSTES E CUSTES DE ESTRUTURA.

Nos custes de estrutura contemplamos:

- Os custes administrativos inherentes ao contrato tales como facturación e xestión de cobro.
- O custo de administrativo de estrutura que soportará a potencial concesionaria.

- **Pilot_{CCS}** calcula a estrutura no 10% sobre o custo da man de obra.

Por CEIP os custes de estrutura son os seguintes:

	ESTRUCTURA
APÓSTOLO SANTIAGO	1.668,93 €
MONTE DOS POSTES	4.747,10 €
RAMÓN CABANILLAS	6.247,02 €
ROXOS VILLESTRO	3.115,12 €
FONTIÑAS	4.679,94 €
VITE	2.017,69 €
RAIÑA FABIOLA	2.365,78 €
QUIROGA PALACIOS	5.298,61 €
RODRÍGUEZ XIXAREI	1.818,80 €
	31.959,00 €

6.4.- BENEFICIO INDUSTRIAL.

No noso informe económico habemos contemplado unha previsible marxe do 10 % sobre custo (9,09% sobre venda). Obviamente esta porcentaxe é un dato estimado que podería sufrir variacións que entendemos non deben ser maiores ao +/- 2%.

O beneficio esperado por CEIP e:


	BENEFICIO	%
APÓSTOLO SANTIAGO	4.358,57 €	9,09%
MONTE DOS POSTES	13.950,86 €	9,09%
RAMÓN CABANILLAS	16.214,61 €	9,09%
ROXOS VILLESTRO	8.144,27 €	9,09%
FONTIÑAS	13.227,50 €	9,09%
VITE	5.313,72 €	9,09%
RAIÑA FABIOLA	6.027,56 €	9,09%
QUIROGA PALACIOS	14.627,79 €	9,09%
RODRÍGUEZ XIXAREI	4.486,36 €	9,09%
	86.351,24 €	9,09%

6.5.- ECONOMIAS DE ESCALA.

Convén traer a colación o concepto de microeconomía, das economías de escala, isto é, entender que unha empresa de restauración, cando alcanza un nivel óptimo de produción nun servizo, produce máis a menor custo, é dicir, cando aumenta a produción nunha empresa, os seus custos por unidade producida redúcense. Ou devandito doutro xeito, cuantos máis menús produce, menos lle custa producir cada menú. **Deséxase incluír este concepto no informe co fin de reforzar o compoñente social da acción desta administración cando mantén comedores por baixo do nivel óptimo co único fin de garantir un servizo social.**


ANALISE POR XANTAR

ANÁLISE POR XANTAR							
Custe Menú sen M.O.	Nº de comensais	Nº de monitores	Ratio Alumnos/Monitor	Desviación Ratio	Custe M.O.M.	Custe M.O.M. por menú	Prezo real do menú
1,84 €	1	1	1,0	-94,44%	28,23 €	28,23 €	30,07 €
1,84 €	2	1	2,0	-88,89%	28,23 €	14,11 €	15,95 €
1,84 €	3	1	3,0	-83,33%	28,23 €	9,41 €	11,25 €
1,84 €	4	1	4,0	-77,78%	28,23 €	7,06 €	8,90 €
1,84 €	5	1	5,0	-72,22%	28,23 €	5,65 €	7,49 €
1,84 €	6	1	6,0	-66,67%	28,23 €	4,70 €	6,54 €
1,84 €	7	1	7,0	-61,11%	28,23 €	4,03 €	5,87 €
1,84 €	8	1	8,0	-55,56%	28,23 €	3,53 €	5,37 €
1,84 €	9	1	9,0	-50,00%	28,23 €	3,14 €	4,98 €
1,84 €	10	1	10,0	-44,44%	28,23 €	2,82 €	4,66 €
1,84 €	11	1	11,0	-38,89%	28,23 €	2,57 €	4,41 €
1,84 €	12	1	12,0	-33,33%	28,23 €	2,35 €	4,19 €
1,84 €	13	1	13,0	-27,78%	28,23 €	2,17 €	4,01 €
1,84 €	14	1	14,0	-22,22%	28,23 €	2,02 €	3,86 €
1,84 €	15	1	15,0	-16,67%	28,23 €	1,88 €	3,72 €
1,84 €	16	1	16,0	-11,11%	28,23 €	1,76 €	3,60 €
1,84 €	17	1	17,0	-5,56%	28,23 €	1,66 €	3,50 €
1,84 €	18	1	18,0	0,00%	28,23 €	1,57 €	3,41 €
1,84 €	19	1	19,0	5,56%	28,23 €	1,49 €	3,33 €
1,84 €	20	1	20,0	11,11%	28,23 €	1,41 €	3,25 €
1,84 €	21	1	21,0	16,67%	28,23 €	1,34 €	3,18 €
1,84 €	22	2	11,0	-38,89%	50,81 €	2,31 €	4,15 €
1,84 €	23	2	11,5	-36,11%	50,81 €	2,21 €	4,05 €
1,84 €	24	2	12	-33,33%	50,81 €	2,12 €	3,96 €
1,84 €	25	2	12,5	-30,56%	50,81 €	2,03 €	3,87 €



ANALISE POR ALMORZO

ANÁLISE POR XANTAR							
Custe Menú sen M.O.	Nº de comensais	Nº de monitores	Ratio Alumnos/Monitor	Desviación Ratio	Custe M.O.M.	Custe M.O.M. por menú	Prezo real do menú
1,84 €	1	1	1,0	-94,44%	28,23 €	28,23 €	30,07 €
1,84 €	2	1	2,0	-88,89%	28,23 €	14,11 €	15,95 €
1,84 €	3	1	3,0	-83,33%	28,23 €	9,41 €	11,25 €
1,84 €	4	1	4,0	-77,78%	28,23 €	7,06 €	8,90 €
1,84 €	5	1	5,0	-72,22%	28,23 €	5,65 €	7,49 €
1,84 €	6	1	6,0	-66,67%	28,23 €	4,70 €	6,54 €
1,84 €	7	1	7,0	-61,11%	28,23 €	4,03 €	5,87 €
1,84 €	8	1	8,0	-55,56%	28,23 €	3,53 €	5,37 €
1,84 €	9	1	9,0	-50,00%	28,23 €	3,14 €	4,98 €
1,84 €	10	1	10,0	-44,44%	28,23 €	2,82 €	4,66 €
1,84 €	11	1	11,0	-38,89%	28,23 €	2,57 €	4,41 €
1,84 €	12	1	12,0	-33,33%	28,23 €	2,35 €	4,19 €
1,84 €	13	1	13,0	-27,78%	28,23 €	2,17 €	4,01 €
1,84 €	14	1	14,0	-22,22%	28,23 €	2,02 €	3,86 €
1,84 €	15	1	15,0	-16,67%	28,23 €	1,88 €	3,72 €
1,84 €	16	1	16,0	-11,11%	28,23 €	1,76 €	3,60 €
1,84 €	17	1	17,0	-5,56%	28,23 €	1,66 €	3,50 €
1,84 €	18	1	18,0	0,00%	28,23 €	1,57 €	3,41 €
1,84 €	19	1	19,0	5,56%	28,23 €	1,49 €	3,33 €
1,84 €	20	1	20,0	11,11%	28,23 €	1,41 €	3,25 €
1,84 €	21	1	21,0	16,67%	28,23 €	1,34 €	3,18 €
1,84 €	22	2	11,0	-38,89%	50,81 €	2,31 €	4,15 €
1,84 €	23	2	11,5	-36,11%	50,81 €	2,21 €	4,05 €
1,84 €	24	2	12	-33,33%	50,81 €	2,12 €	3,96 €
1,84 €	25	2	12,5	-30,56%	50,81 €	2,03 €	3,87 €



7.- DETERMINACIÓN DO PREZO DE REFERENCIA.

Apórtase o cálculo, desglosado, por CEIP, e por tipo de custe:

	TOTAL MOD	%	SUPERV.	%	MAT PRIMA	%	MANT E INV.	%	POL. SEG.	%	COMUNIC	%	ESTRUCTURA	%	TOTAL COSTES	BENEFICIO	%	PRECIO
APÓSTOLO SANTIAGO	25.675,79 €	53,55%	1.152,12 €	2,40%	13.151,15 €	27,43%	1.540,55 €	3,21%	97,20 €	0,20%	300,00 €	0,63%	1.668,93 €	3,48%	43.585,73 €	4.358,57 €	9,09%	47.944,31 €
MONTE DOS POSTES	73.032,33 €	47,59%	3.277,09 €	2,14%	53.478,51 €	34,85%	4.381,94 €	2,86%	291,60 €	0,19%	300,00 €	0,20%	4.747,10 €	3,09%	139.508,57 €	13.950,86 €	9,09%	153.459,43 €
RAMÓN CABANILLAS	96.108,07 €	53,88%	4.312,54 €	2,42%	49.023,20 €	27,49%	5.766,48 €	3,23%	388,80 €	0,22%	300,00 €	0,17%	6.247,02 €	3,50%	162.146,12 €	16.214,61 €	9,09%	178.360,73 €
ROXOS VILLESTRO	47.924,98 €	53,50%	2.150,48 €	2,40%	26.175,97 €	29,22%	1.678,90 €	1,87%	97,20 €	0,11%	300,00 €	0,33%	3.115,12 €	3,48%	81.442,66 €	8.144,27 €	9,09%	89.586,92 €
FONTIÑAS	71.999,13 €	49,48%	3.230,73 €	2,22%	47.453,68 €	32,61%	4.319,95 €	2,97%	291,60 €	0,20%	300,00 €	0,21%	4.679,94 €	3,22%	132.275,03 €	13.227,50 €	9,09%	145.502,54 €
VITE	31.041,33 €	53,11%	1.392,88 €	2,38%	16.393,24 €	28,05%	1.862,48 €	3,19%	129,60 €	0,22%	300,00 €	0,51%	2.017,69 €	3,45%	53.137,21 €	5.313,72 €	9,09%	58.450,93 €
RAIÑA FABIOLA	36.396,59 €	54,89%	1.633,18 €	2,46%	17.266,62 €	26,04%	2.183,80 €	3,29%	129,60 €	0,20%	300,00 €	0,45%	2.365,78 €	3,57%	60.275,56 €	6.027,56 €	9,09%	66.303,12 €
QUIROGA PALACIOS	81.517,07 €	50,66%	3.657,82 €	2,27%	50.256,97 €	31,23%	4.891,02 €	3,04%	356,40 €	0,22%	300,00 €	0,19%	5.298,61 €	3,29%	146.277,89 €	14.627,79 €	9,09%	160.905,68 €
RODRÍGUEZ XIXAREI	27.981,60 €	56,70%	1.255,58 €	2,54%	11.731,54 €	23,77%	1.678,90 €	3,40%	97,20 €	0,20%	300,00 €	0,61%	1.818,80 €	3,69%	44.863,62 €	4.486,36 €	9,09%	49.349,98 €
	491.676,90 €	51,76%	22.062,42 €	2,32%	284.930,87 €	30,00%	28.304,01 €	2,98%	1.879,20 €	0,20%	2.700,00 €	0,28%	31.959,00 €	3,36%	863.512,40 €	86.351,24 €	9,09%	949.863,64 €

	PRECIO GLOB.	PESO	COSTE COR. GEN	COMIDA	DESAYUNO
APÓSTOLO SANTIAGO	47.944,31 €	5,05%	963,75 €	43.629,32	4.314,99
MONTE DOS POSTES	153.459,43 €	16,16%	3.084,76 €	139.648,08	13.811,35
RAMÓN CABANILLAS	178.360,73 €	18,78%	3.585,31 €	162.308,27	16.052,47
ROXOS VILLESTRO	89.586,92 €	9,43%	1.800,83 €	81.524,10	8.062,82
FONTIÑAS	145.502,54 €	15,32%	2.924,82 €	132.407,31	13.095,23
VITE	58.450,93 €	6,15%	1.174,95 €	53.190,35	5.260,58
RAIÑA FABIOLA	66.303,12 €	6,98%	1.332,79 €	60.335,84	5.967,28
QUIROGA PALACIOS	160.905,68 €	16,94%	3.234,44 €	146.424,17	14.481,51
RODRÍGUEZ XIXAREI	49.349,98 €	5,20%	992,01 €	44.908,48	4.441,50
	949.863,64 €		19.093,66 €	864.375,92 €	85.487,73
	5,880			5,880	2,096
	2,096			6,468	2,305

Precio sin IVA
Precio con IVA

Pesos
COMIDAS
91,00%
DESAYUNOS
9,00%

2019	XANTARES	Inc.
PRECIO MATERIA PRIMA POR MENÚ	1,840	3,08%
ALMORZO		
PRECIO MATERIA PRIMA DESAYUNO	0,371	3,92%

2017	XANTARES	Inc.
PRECIO MATERIA PRIMA POR MENÚ	1,785	
ALMORZO		
PRECIO MATERIA PRIMA DESAYUNO	0,357	

Non se totaliza por xa estar contemplada esta posición como custos de supervisión.

Se está previsto servir 146.998 xantares (datos proxectados) e 40.794 almozos (datos proxectados) durante o curso escolar e dividimos o custe total de cada tipo de servizo, obtido con pesos empregados² entre os mesmos chegamos á conclusión que o prezo de referencia do menú almozo é de 2,096 € e o do xantar de 5,880 € sen IVA.

	PRECIO GLOB.	PESO	COSTE COR. GEN	COMIDA	DESAYUNO
APÓSTOLO SANTIAGO	47.944,31 €	5,05%	963,75 €	43.629,32	4.314,99
MONTE DOS POSTES	153.459,43 €	16,16%	3.084,76 €	139.648,08	13.811,35
RAMÓN CABANILLAS	178.360,73 €	18,78%	3.585,31 €	162.308,27	16.052,47
ROXOS VILLESTRO	89.586,92 €	9,43%	1.800,83 €	81.524,10	8.062,82
FONTIÑAS	145.502,54 €	15,32%	2.924,82 €	132.407,31	13.095,23
VITE	58.450,93 €	6,15%	1.174,95 €	53.190,35	5.260,58
RAIÑA FABIOLA	66.303,12 €	6,98%	1.332,79 €	60.335,84	5.967,28
QUIROGA PALACIOS	160.905,68 €	16,94%	3.234,44 €	146.424,17	14.481,51
RODRÍGUEZ XIXAREI	49.349,98 €	5,20%	992,01 €	44.908,48	4.441,50
	949.863,64 €		19.093,66 €	864.375,92 €	85.487,73
				5,880	2,096

Precio sin IVA

Neste caso o prezo Global do servizo: 949.863,64 €/ano. Sobre os pesos que ten cada servizo no custe estableceuse que os Xantares pesan o 91% e os almozos o 9%.

8.- COMPARATIVA DO PREZO DO SERVIZO CO MERCADO

Debemos indicar que ao ano destínanse un 1.800 millóns de euros en compra pública alimentaria en educación básica. Igualmente, apostilar que non é infrecuente adxudicacións entre 3,75 e 4 euros por menú de comida. Ítem máis, é certo que os prezos poden vir condicionados por numerosos factores como poden ser factores regulatorios laborais ou doutra índole legal en cada comunidade autónoma pero non é menos certo que unha comparativa do prezo máximo de licitación do procedemento iniciado polo concello de Santiago permite intuír o nivel de calidade esperado dos operadores que liciten neste procedemento. Por iso, convén, chegados a este punto, informar do prezo máximo de licitación proposto para este servizo cos prezos por comunidade autónoma no curso 2017-2018. Son os seguintes:

COMUNIDAD	PREZO DO MENU	COMUNIDAD	PREZO DO MENU
Andalucía	4,38 €	Extremadura	4,12 €
Aragón	4,89 €	Galicia	4,50 €
Asturias	3,50 €	Comun. de Madrid	4,88 €
Baleares	5,85 €	Murcia	4,30 €
Canarias	3,30 €	Navarra	6,25 €
Cantabria	4,50 €	La Rioja	3,95 €
Castilla La Mancha	4,65 €	Comun. Valenciana	4,25 €
Castilla y León	4,50 €	Ceuta	3,55 €
Cataluña	6,20 €	Melilla	3,00 €

² Estimativos por non facilitar a actual prestataria o desglose de persoal de cada CEIP desglosado en Almozos e Xantares.

Isto é, o prezo máximo de licitación do concello de Santiago por menú debería garantir un servizo de calidade superior á media, tanto estatal como galega.



COMUNIDAD	PREZO DO MENU
Navarra	6,25 €
Cataluña	6,20 €
Concello de Santiago	5,88 €
Baleares	5,85 €
Aragón	4,89 €
Comun. de Madrid	4,88 €
Castilla La Mancha	4,65 €
Cantabria	4,50 €
Castilla y León	4,50 €
Galicia	4,50 €
Andalucía	4,38 €
Murcia	4,30 €
Comun. Valenciana	4,25 €
Extremadura	4,12 €
La Rioja	3,95 €
Ceuta	3,55 €
Asturias	3,50 €
Canarias	3,30 €
Melilla	3,00 €

Final do informe económico

Final do informe económico

Final do informe económico

Fdo. Belén Barreiro Iglesias – Socia directora **Pilot_{ccs}**



Fdo. Salvador Fernández de la Cigña Fraga – Socio director **Pilot_{ccs}**

ANEXO: REFERENCIA LEGAIS. FISCALIDADE DO SERVIZO

EXCEPCIÓN A O COMENTARIO DO INFORME: **Pilot_{CCS}** non é especialista en tributación polo que non se considera vinculado polo seguinte comentario, aínda que o emite a efectos meramente informativos para o Concello de Santiago de Compostela.

Lei 28/2014 do 27 de novembro, pola que modifican entre outras a lei 37/1992 do 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido o artigo 20. Un.9º LIVA esténdese aos servizos de atención a nenos no centro docente prestados en tempo interlectivo, tanto durante o comedor escolar como en servizo de gardería fose do horario escolar, equiparando o tratamento no imposto destes servizos prestados polo centro docente, con independencia de que se realice con medios propios ou alleos.

Consulta vinculante V0231-16 á DXT (Dirección Xeral de Tributos) Cando nunha mesma operación e por prezo único entrégúense bens ou se presten servizos de diversa natureza, mesmo nos supostos de transmisión da totalidade ou parte dun patrimonio empresarial, a base impoñible correspondente a cada un deles determinarase en proporción ao valor de mercado dos bens entregados ou dos servizos prestados.

Nas conclusións da citada consulta resólvese:

1º) Estarán suxeitos ao Imposto sobre o Valor Engadido e non exentos do mesmo os servizos de comedor escolar consistentes en elaborar, distribuír e fornecer os menús escolares que sexan demandados polos centros educativos. Estes servizos tributarán ao tipo impositivo reducido do 10 por cento.

Os servizos de comedor escolar estarán exentos cando sexan prestados directamente polos centros docentes ou educativos aos seus alumnos, non facendo extensiva esta exención a outros casos, como poden ser as empresas de catering escolar.

2º) Estarán suxeitos pero exentos do Imposto sobre o Valor Engadido os servizos de atención, apoio e vixilancia prestados por monitores a nenos nos centros docentes durante o horario de comedor escolar e recreo anterior e posterior á comida, así como en horario extraescolar anterior ao comezo das clases e unha vez finalizadas as mesmas, nas aulas do centro docente. Este Centro Directivo entende que dentro do concepto de aula poden estar outras dependencias do colexio como biblioteca, por exemplo, que sexan aptos para os fins de custodia dos nenos.

Así mesmo estarán exentos os servizos só de custodia dos nenos durante o servizo de comedor e os recreos anterior e posterior, aínda que non se presten servizos de comedor.

3º) O devandito anteriormente tamén é de aplicación tanto se os servizos factúranse aos usuarios directamente, como aos colexios, e estes a os usuarios.

Ergo corresponde separar as bases impoñibles dos servizos de elaboración da comida e transportes (suxeitos ao tipo reducido do 10%) e a parte de monitoraxe (suxeita pero exenta).

En consecuencia reiteramos, a título meramente informativo: que como referencia poderíase considerar que está exento de IVE a porcentaxe sobre a estrutura de custes global do servizo o 44,61% (gastos de MOD asociados ao monitoraxe). Cabería unha interpretación distinta da imputación de custes directos e indirectos ao cálculo de ambas as bases, en función das diferentes estruturas de custes de cada unha das potenciais concesionarias.